

- Prósper, Blanca María.** *The Lusitanian language in the name of the divinities Moelio Mordoneico and Torolo Combiciego, the Hispanic placename Μαυραχη and related matters.* De Gruyter. Linguistics / Sprachwissenschaft. Inhalt des 103. Bandes (1998).
- Witczak.** *On the Indo-European origin of two Lusitanian theonyms* (Laebo and Reve), Em 67.I, 1999, pp. 65 – 73.
- Olivares Pedreño, Juan Carlos.** *Teónimos indígenas masculinos del ámbito lusitano-galaico: un intento de síntesis.* Revista de Guimarães. Volume especial. Actas Congreso de proto-história europeia. Volume 1. Guimarães, 1999, pp. 277 – 296.
- Olivares Pedreño, Juan Carlos.** *El panteón religioso indígena en el área extremeña.* Hispania Antiqua, vol. XXXIII. Universidad de Valladolid, 1999, pp. 97 – 116.
- Olivares Pedreño, Juan Carlos.** *Los dioses soberanos y los ríos en la religión indígena de la Hispania indoeuropea.* Gerión, nº 18. Univ. Complutense, 2000, pp. 191 – 212.
- Báscuas López, Edelmiro.** *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega.* Verba. Anexo 51. Univ. de Santiago de Compostela. 2002. También hemos intercambiado opiniones y recibido algunas informaciones de este amigo lingüista, mediante comunicación electrónica.
- Prósper, Blanca María.** *Lenguas y religiones prerromanas del Occidente de la Península Ibérica.* Ediciones Univ. de Salamanca, 2002. En especial pp. 130 a 145.
- Moralejo Alvarez, Juan José.** *El epíteto teonímico ANABARAECO.* BAur. XXXII. Ourense, 2002, pp. 77 – 86.
- Villar, Francisco / Prósper, Blanca María.** *Nuevo epígrafe votivo dedicado a la divinidad Reve en La Coruña.* Palaeohispanica. Revista sobre lenguas y culturas de la Hispania Antigua, 3. Institución Fernando el Católico. Diputación de Zaragoza, 2003, pp. 271 – 282.
- Canto, Alicia María.** *Anabaraecus y confluencias divinas en Mérida: un mausoleo excepcional,* in Celtiberia · net. Febrero, 2005.
- Pena Graña, André.** *Un excepcional achado epigráfico.* in www.riograndedexuvia.com de 19/02/2006.

O MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS.
UN ESPAZO MUSEOGRÁFICO
RELACIONADO COA ORIXE DE COMPOSTELA

Bieito Pérez Outeiriño

Director do Museo das Peregrinacións
Membro do Grupo Marcelo Macías

*“Pero la población de allí [Santiago de Compostela] es sucia (tiene varios cerdos, que venden baratos) y perezosa; se preocupa poco de trabajar la tierra, sino que vive principalmente de lo que gana de los peregrinos” (Hieronimus Münzer, Itinerarium Hispanicum, 1499)**

1.- A CIDADE E O APÓSTOLO.

CONTIDO TEMÁTICO DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

Intencionadamente, no actual discurso expositivo do Museo das Peregrinacións, xógase co valor ambivalente do termo “Santiago” para se referir, tanto ao Apóstolo como á cidade compostelá. Santiago é o nome do discípulo de Cristo ao que a tradición atribúe a evanxelización da península Ibérica e considera enterrado nos confíns occidentais de Europa (*contra mare Britanicum*¹). Pero Santiago é tamén o nome da cidade (Santiago de Compostela) que agocha o sepulcro apostólico, meta dunha das tres grandes e antigas peregrinacións da cristiandade.

Santiago, en canto apóstolo e en canto cidade, constitúe a esencia do discurso museográfico pero, e como non podía ser doutro xeito, designa tamén o contido temático do Museo das Peregrinacións. Cidade e apóstolo, Compostela e peregrinación, son conceptos que van unidos, tanto na

* Nota e traducción tomada de HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al “fin del mundo”*, Santiago de Compostela, 1999, p. 147.



súa orixe, coma nunha dimensión diacrónica que chega ata a actualidade. O seu tratamento museolóxico non pode, polo tanto, afrontarse por separado. Non sería lóxico concebir un museo para Santiago de Compostela que tratase a historia urbana do seu nacemento e evolución, a implantación das institucións de goberno, a problemática social, económica, ou artística, e se fixese á marxe ou de costas á peregrinación pois "*la peregrinación es un fenómeno histórico vertebrado en la historia de la ciudad de Compostela*"². Santiago de Compostela é unha clara consecuencia da peregrinación e en boa medida medra e desenvólvese á sombra e ao ritmo marcado polos peregrinos.

O ámbito territorial do museo, consecuente co contido temático, combina tamén, aínda que sexa desde unha perspectiva exclusivamente, a súa implantación tan local, circunscrita á cidade compostelá, coa súa proxección internacional ou "transnacional", necesaria para ofrecer unha visión completa do fenómeno da peregrinación en xeral ou mesmo da propia peregrinación xacobeana en particular, cunhas fronteiras que transcenden máis aló de Galicia e de España.

O espazo museolóxico que ocupa o Museo das Peregrinacións en Santiago de Compostela está, sen dúbida ningunha, relacionado coa orixe da cidade apostólica, pero, e como se acaba de apuntar, o fenómeno da peregrinación xacobeana ocupa ese amplo período que principia coa "*inventio*" e que prosegue ata hoxe en día. A vida da cidade enceta igualmente, cando menos na fase que poderíamos denominar "xacobeana"³, co descubrimento e identificación do sepulcro apostólico, e xa, de xeito continuado, chegará ata os momentos presentes. A relación directa da peregrinación (no seu sentido amplo, incluíndo asimesmo a dimensión artística, cultural, relixiosa, económica...) sobre a cidade provocou un produto urbanístico e un tecido social que non pode entenderse nin explicarse sen aquela.

1.- Locativo co que Beda o Venerable (672-735) indica a localización do corpo do Apóstolo cara o ano 730, derredor de 100 anos antes de que tivese lugar a *inventio* do sepulcro apostólico por parte de Teodomiro, bispo de Iria (ca. 830).

2.- SIERRA RODRÍGUEZ, J.C.: "Sistemas y redes museísticas. El caso de Santiago de Compostela", *Boletín de la ANABAD*, vol. XL, nº 4, 1990, pp. 129-140, espec. 136.

3.- A rotura co anterior, que se pode rastrexar cando menos sen demasiada dificultade á luz de indicios arqueolóxicos conservados, ata o cambio da era, parece ser drástica. Do asentamento premedieval moi pouco se sabe con certeza, e será precisamente un mausoleo, integrado na necrópole iniciada en época romana, o xerador do asentamento que deu lugar a Santiago de Compostela. Sobre o tema vid. p. e. SUÁEZ OTERO, J. e CAAMAÑO GESTO, M., "Santiago antes de Santiago", in PORTELA SILVA, E. (coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2003, 23-47.

No nacemento do museo en 1951 conxugábase, dun xeito tamén intencionado, ese carácter tan amplo e xeral que supuña o fenómeno da peregrinación, coa realidade tan local marcada polo ámbito da historia da propia cidade⁴. Insístese en destacar este dobre aspecto que supón un verdadeiro reto para os responsables da institución, toda vez que terán que harmonizar dúas realidades aparentemente tan diverxentes⁵. Esta especial circunstancia non soamente aparecerá recollida no articulado do Regulamento polo que se rexería o museo, senón que, para maior abundancia, e por se houbese dúbida, reflíctese no propio nome dado á institución nacente que se denominaría, nos primeiros anos da súa existencia, "Museo de Santiago e das Peregrinacións".

Xorde este museo pola coincidencia de varias circunstancias que se poden sintetizar nas catro seguintes. Primeiro, a necesidade de cubrir un inexplicable baleiro na cidade, verdadeiro referente histórico, e estaba dotada dun rico e singular patrimonio cultural. Segundo, a vontade política das administracións central e local de solucionar unha antiga demanda social. Terceiro, a oportunidade de aproveitar o rexurdimento da preocupación polo papel do apóstolo Santiago en canto valedor e protector da integridade de España que a dictadura franquista se encargaría de propagar e impoñer na posguerra. E por último, a presenza na cidade de D. Manuel Chamoso Lamas que, coñecedor da situación, xestiona convenientemente as influencias e os recursos para conseguir o resultado desexado.

Todo iso fai que se unan os esforzos da Dirección General de Bellas Artes cos do Concello de Santiago, presidido neses momentos por un alcalde entusiasta que se fai eco dun clamor social que viña arrastrándose desde facía xa tempo⁶.

4.- "*Tendrán cabida en este Museo, especialmente, los objetos arqueológicos, históricos y artísticos de interés para el conocimiento de la devoción a Santiago apóstol, de los caminos de la Peregrinación y de Compostela como ciudad apostólica. Completarán la acción de este museo unas salas de exposición de arte, historia y bibliografía que ejerzan una inmediata proyección sobre la vida cultural de la ciudad en particular y de España en general*". (Art. 2 do Regulamento do Museo de Santiago e das Peregrinacións, de 1951).

5.- "*En 1951 D. Enrique Otero Aenlle, Alcalde-Presidente del Excelentísimo Ayuntamiento de Santiago de Compostela, apreciando la necesidad que se sentía en la ciudad de la existencia de un Museo que recogiese aquellas muestras dispersas representativas de la historia y el arte de la misma, y que sirviendo a la vez de centro receptor de la evocación de una de las más notables manifestaciones de la Historia de Europa y principal motor de la creación de la urbe compostelana, la peregrinación a la Tumba del Apóstol Santiago, decidió tratar de obtener su creación*" (CHAMOSO LAMAS, M., *Museo de las Peregrinaciones. Exposición Inaugural. Imaginería Jacobea, Orfebrería y otras artes relacionadas con el culto a Santiago en Galicia*, A Coruña, 1965, p.7).

Deséñase unha institución civil e cun claro carácter de servizo público, algo que faltaba no panorama museístico da cidade⁷. Deste xeito, en 1951, créase o museo, adquirese un edificio singular do casco histórico compostelán para que lle serva de sede, estrutúrase a institución dotándoa dos órganos de goberno e comezan as primeiras obras necesarias para a definitiva adaptación do vello casón á súa nova función, ao tempo que se deseña o plano de obras para o futuro.

O "Museo de Santiago e das Peregrinacións" convértese nunha infraestrutura cultural dependente da administración local⁸, contando sempre co apoio e asesoramento técnico e científico da administración cultural do Estado a través da Dirección General de Bellas Artes. Segue unha etapa de gran entusiasmo na que se perfilan os planos de actuación e proxectos de reforma, se executan obras de acondicionamento, se estudan estratexias para a posta en funcionamento e se procuran os fondos necesarios para dar carta de natureza á nova e anxeiada institución museística.

Aos poucos anos de iniciado o proxecto, diversas circunstancias sementan o desencanto na Corporación Local que acabará por se desentender do museo. O coidado e a responsabilidade deste serán asumidos, a partir de 1963, pola Dirección General de Bellas Artes. O Concello, pola súa parte, estaba a traballar na creación doutro museo diferente cunha temática máis local. Ante esta circunstancia, o museo asumiría o nome de "Museo das Peregrinacións" e adicaría o seu contido ao tema fundamental que tería motivado a súa creación⁹. Esta decisión suporía un cambio importante nos presupostos teóricos iniciais e, aínda que se tratase de xustificar, non tería un doado acomodo nin no texto do Regulamento polo

6.- Sobre os antecedentes pódese consultar p.e.: PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Notas históricas sobre o Museo das Peregrinacións" in VV.AA., *Un Museo en crecemento: Museo das Peregrinacións: adquisicións 1996-2001: (exposición conmemorativa do 50 aniversario da creación do Museo)*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2001, pp. 15-51, esp. pp. 17-22.

7.- A mediados do pasado século o panorama museístico da cidade reducíase case exclusivamente ao Museo da Catedral de Santiago, creado en 1943, pero resultado de distintas experiencias que se remontan a finais do XIX. O seu obxectivo principal era a exhibición dun rico patrimonio primando sobre todo unha finalidade catequizante. Levábase moito tempo solicitando un museo público na cidade.

8.- "Se crea este Museo, bajo los auspicios del Ayuntamiento de Santiago". (Art. 1 do Regulamento do Museo de Santiago e das Peregrinacións, de 1951).

9.- "Partiendo del propósito fundamental de su creación, que llevaba como primordial objetivo la formación de un Museo de carácter internacional, según correspondía a un exponente representativo de un proceso histórico que puede decirse llegó a ser el yunque sobre el cual se forjó la unidad europea, se dispusieron salas cuyo destino sería, indistintamente, el de alojar cada una muestras representativas de los distintos caminos que abrieron surcos de espiritualidad hasta verter en el venerado sepulcro Apostólico, dejando claras y firmes huellas de su tránsito". (CHAMOSO LAMAS, M., Museo de las Peregrinaciones..., op. cit., p. 9).

que se constituíra nin no espírito da súa creación, e sería tremendamente perxudicial para o proxecto que precisaba da firmeza e da seguridade do propio entorno que lle proporcionaba a cidade de Santiago como meta da peregrinación¹⁰.

Pasará un período de letargo no que o centro se verá privado case por completo da principal función que debe desenvolver un museo, que é a comunicación coa sociedade, a difusión do seu contido temático entre a cidadanía. Non se apreciaba, por parte dos responsables políticos, intención clara de procurar unha saída a este singular centro que podería proporcionar unha oferta cultural importante e diferente ao se dedicar de xeito monográfico ao estudo dun fenómeno antropolóxico e cultural tan amplo, tan próximo a todas as culturas e crenzas e que, no caso xacobeo, estaba empezando a retomar un pulo inusitado, recuperando o peso que tivera ao longo das Idades Media e Moderna. Neste proceso non se pode achacar deixadez ou falta de interese aos responsables técnicos do museo. As propostas sempre chocaban con outras necesidades máis urxentes noutros lugares do territorio hispano. O proxecto compostelán tería que agardar aínda máis para se converter nunha realidade. Un círculo vicioso, alimentado por unhas especiais circunstancias, tecíase sobre o museo impedindo a súa formalización real e efectiva.

A Xunta de Galicia asumirá as competencias en materia de cultura no ano 1982, consonte o contemplado no Estatuto de Autonomía. En 1989 transfírese a xestión de diversas infraestructuras culturais de titularidade estatal (arquivos, bibliotecas e museos) á comunidade autónoma, pero non se inclúe o Museo das Peregrinacións porque curiosamente figuraba entre as institucións "non transferibles" pola súa consideración de "museo nacional", categoría da que, por outra parte, nunca fora dotado legalmente pola administración competente a pesar de que ao longo de varios anos así se veu denominando. Sen dúbida, nesta consideración, pesaría máis o contido temático e o hipotético ámbito territorial atribuíble a ese propio contido¹¹, que calquera instrumento legal de creación ou cualificación, do que aínda hoxe, tamén curiosamente, carece o Museo das Peregrinacións.

10.- "El Museo de las Peregrinaciones no puede autodefinirse con facilidad si no lo hace con referencia a la ciudad en la que tiene su sede, máxime cuando Santiago de Compostela no es sólo la meta y el colector de la peregrinación, sino una importante realidad espacial y urbana que históricamente constituyó la causa de aquélla", SIERRA RODRÍGUEZ, J.C.: "Sistemas y redes...", op. cit., p. 136.

11.- Fálase xa desde os primeiros momentos dun museo de ámbito "internacional". Con posterioridade utilízase o termo "transnacional" para definir o carácter "universal" do contido temático encomendado.

A etapa autonómica para este centro principia pois co ano 1995 cando, por fin, se transfire a súa xestión á Xunta de Galicia¹². O museo abrirá as súas portas ao público, dun xeito permanente, en 1996, cun discurso que xira, como xa se indicou ao comezo desta intervención, arredor de Santiago como cidade e de Santiago como apóstolo. Fíxose así porque o seu contido temático non podía ser outro. O fenómeno da peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago son parte indiscutible do cometido científico do Museo das Peregrinacións. O nacemento e a evolución da cidade de Santiago, en canto meta da peregrinación, non pode ficar fóra dun discurso coherente deste museo. Non resulta posible comprender o pasado nin o presente desta cidade afrontando ambas as dúas realidades por separado. As clasificacións, as periodizacións e as tipoloxías son produto do raciocinio e son necesarias para entender mellor determinados procesos históricos, pero non deixan de ser unha convención académica que en moitos casos agocha a propia realidade histórica e incluso pode acabar por disfrazala.

É nesta última etapa, e xa co museo en funcionamento cando, para poder garantir a continuidade da institución e acadar os mellores resultados posibles, se marcan uns obxectivos estratéxicos que se poden resumir nos seguintes enunciados:

- 1.- Mellorar a oferta do museo actuando sobre o contido do discurso museográfico potenciando a transmisión máis correcta posible de información e coñecemento sobre o fenómeno da peregrinación e da orixe e desenvolvemento da cidade.
- 2.- Incrementar substancialmente o grao de relación entre a institución museística e o público en xeral, propiciando a súa correcta integración social.
- 3.- Eliminar os graves inconvenientes e deficiencias provocados pola inadecuación do espazo que ocupa o museo desde a súa creación e que repercute negativamente no desenvolvemento de todas as funcións que a institución museística ten encomendadas.
- 4.- Garantir a axeitada conservación dos fondos custodiados.

12.- RD 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos trasladados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.

Consonte ao precedente, deséñanse varios obxectivos operativos nos que se empeza a traballar e que se poden sintetizar basicamente nos seguintes:

- 1.- Reorganización interna das distintas áreas e servizos procurando a aplicación de novos sistemas e métodos de tratamento coa ollada posta na estabilización do centro.
- 2.- Conformación dunhas coleccións museográficas e documentais capaces de cubrir a meirande parte dos aspectos teóricos que se abren arredor do amplo abano de posibilidades que supón o fenómeno antropolóxico da peregrinación, desde as ópticas máis variadas, e os comezos da vida na cidade compostelá.
- 3.- Definición de programas de difusión, destacando sobre todo a elaboración e posta en marcha dun plano expositivo co deseño de varios programas nos que se integren as diferentes mostras que se desenvolven, sempre en consonancia co contido temático do museo.
- 4.- Procura de alternativas para propoñer a dotación dos espazos mínimos necesarios para poder desenvolver doadamente todas e cada unha das funcións encomendadas por definición ao museo, tanto no relativo a servizos internos como externos.
- 5.- Elaboración de propostas sobre a máis correcta operatividade do museo, tendo en conta o papel que lle corresponde desde un punto de vista xeográfico ou territorial no panorama local, autonómico, estatal e internacional, e desde un punto de vista do contido temático que combina os aspectos teóricos máis locais cos máis universais.

2.- A EXPOSICIÓN PERMANENTE

Tiveron que pasar 45 anos desde a súa creación, e que se transferise a súa xestión á Xunta de Galicia para que o Museo das Peregrinacións abrise as súas portas ao público de xeito permanente. Tal feito tería lugar a comezos de 1996. Resultaba ser entón unha institución descoñecida para os cidadáns. Os composteláns non sabían en boa medida da existencia do museo e, no caso de coñecelo, supuñan que aínda seguiría pechado ao público -non en balde así estivera ao longo de catro décadas e media, interrompidas soamente de xeito ocasional por mor dalgún circunstancial evento-. A oferta cultural do museo non chegaba ao público. Cousa por outro lado normal pois, o feito de abrir as portas sen máis, non presupón

que a cidadanía saiba inmediatamente da existencia do museo, e moito menos que se entusiasme para ilo visitar e participar da súa oferta.

O discurso expositivo actual é unha síntese dun discurso necesario, e un simple esbozo do tecnicamente posible. Está condicionado, sobre todo, polo reducido espazo de que dispón a actual sede. Nin a meirande parte dos fondos se poden exhibir nin pode mostrarse ao visitante unha historia coherente, e moito menos extensa, do significado da peregrinación e do seu artellamento na construción da cidade. Hai que conformarse con narrar unha historia con moitos capítulos a través de enunciados e epígrafes suxestivos coa fin de que o visitante intúa cales son as pinceladas que van dando corpo a unha narración moi incompleta.

Dende o museo elaborouse unha nova e suxestiva proposta de discurso na que se inclúen moitos outros apartados imprescindibles para ofrecer unha visión bastante máis ampla e actualizada do fenómeno da peregrinación en xeral, da peregrinación xacobeá en particular e do nacemento e evolución da cidade compostelá, na que se incluíría unha parte importante das coleccións que nestes momentos se encontran almacenadas nas salas de reserva.

Pero na presente intervención respectarase o discurso vixente que é, con certas actualizacións e lixeiras matizacións, o discurso orixinal co que se abriu o museo ao público en 1996¹³. Como introducción ao percorrido polo museo, sitúase ao visitante fronte á historia do edificio, mostra da arquitectura civil de mediados do s. XIV e emprazado na parte preeminente da cidade, o que suxire un papel relevante deste sector urbano ao longo da Idade Media. O inmobile conserva os restos dunha casa-torre propia dos últimos momentos do medievo, aínda que hoxe se aprecie desfigurada por mor de engadidos e modificacións posteriores. A continuación, introdúcese a mensaxe sobre a que se artella o contido da exposición permanente: "*Santiago, un home. Santiago, unha cidade*", e a partir daquí comeza o discurso ao longo das diferentes unidades temáticas que imos sintetizar de xeito moi breve.

13.- Para este apartado Vid. principalmente: VV.AA., *Museo das Peregrinacións. Santiago de Compostela*, (Guía do museo), Santiago de Compostela, 1997. PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Museo das Peregrinacións", in PULGAR SABÍN, C. del (ed.). *Arte e Cultura de Galicia e Norte de Portugal*. Museos IV, Vigo (Nova Galicia), 2005, pp. 11-28.

1.- A peregrinación. Un camiño ritual de purificación.

Como primeiro contido do discurso xulgouse conveniente lembrarlle ao visitante que a peregrinación constitúe un ritual de purificación que non se limita soamente aos tres grandes centros da relixión cristiá: Roma, Xerusalén e Santiago. Son innumerables os santuarios ou lugares de culto das tres grandes relixións monoteístas aos que se encamiñan peregrinos, pero algo parecido ocorre noutras culturas e noutras relixións. A peregrinación é unha manifestación de orixe relixiosa case consubstancial coa propia natureza humana polo que a miúdo se interpreta coma unha metáfora da propia vida do home sobre a terra, o que axuda a explicar o seu carácter tan universal.

O coñecemento do fenómeno peregrinatorio xeral axuda a afondar e contextualizar a peregrinación xacobeá.

2.- Oríxenes do culto xacobeo. A translación do corpo de Santiago.

Suxírense aqueles aspectos máis significativos da vida de Santiago o Maior. As innumerables dúbidas suscitadas pola escasa información que ofrecen os textos canónicos sobre a vida e as obras do Apóstolo compléntanse audazmente, ao longo dos tempos, coa tradición e coa lenda. A predicación na península Ibérica, a paixón e a translación do seu corpo por parte dos seus discípulos desde o porto de Xaffa ata Iria Flavia (Padrón), son produto da piadosa tradición. A *translatio*, cunha gran cantidade de acontecementos secundarios relacionados coa figura da Raíña Lupa e que teñen lugar na comarca da Maía ou nas veciñanzas, é froito da lenda e toma un papel preponderante na tradición xacobeá.

O enmarcamento histórico destes acontecementos, a arqueoloxía da translación e a xustificación da predicación e enterramento do apóstolo Santiago completan o contido deste ámbito.

3.- Santiago: catedral e cidade. O sepulcro do Apóstolo como xerador da urbe compostelá.

Céntrase na exposición do proceso evolutivo experimentado polas construcións que se foron desenvolvendo sobre e derredor do mausoleo romano identificado como a tumba apostólica. Logo da *inventio*, ocorrida a principios do s. IX e na que o bispo Teodomiro de Iria desempeña un importante papel, o sepulcro empeza a exercer de verdadeiro xermolo da cidade. Os santuarios mandados construír por Afonso II (ca. 840), ou por

Afonso III (consagrado no ano 899) e o actual románico (comezado en 1075) co patrocinio de Afonso VI, así como as distintas realidades urbanísticas e xurídicas reflectidas nos apelativos polos que se vai identificando o nacente núcleo: *locus, villa ou civitas Beati / Sancti Iacobi*, representan a evolución propiciada pola afluencia de peregrinos a esta cidade-santuario que actúa como un poderoso centro de culto apostólico. O deseño de todo este panorama conta co apoio claro e decidido da monarquía cristiá asturiana, leonesa e castelá sucesivamente.

4.- Peregrinos a Santiago. Camiños e ritos.

A definición dun itinerario que, partindo de Tours, Vezelay, Le Puy e Saint Gilles, pero con ramais por toda Europa, entraba polos Pirineos e se dirixía ata Compostela, aparece xa recollida no libro V, Guía do Peregrino, do *Liber Sancti Iacobi (Codex Calixtinus)* do século XII. Obras de infraestrutura e dotación de servizos propiciadas pola propia monarquía, pola nobreza e pola Igrexa, xuntamente cunha especial consideración legal que se lle outorga, favorecen as condicións de accesibilidade e seguridade dos peregrinos, comerciantes e demais usuarios cara Compostela a través do Camiño de Santiago.

Pouco despois da identificación do sepulcro cos restos do Apóstolo, e dun xeito progresivo, serán numerosos os peregrinos que se acheguen a Compostela. Aínda que a maioría deles queda para sempre no anonimato, moitos deixaron, ao longo de máis dun milenio, constancia das súas viaxes, tanto pola ruta principal procedente de Francia como tamén por outras provenientes das diversas partes da península e mesmo por mar, dando lugar a unha importante literatura odepórica fonte imprescindible para o coñecemento da tradición xacobeá, dos costumes, das xentes, dos monumentos e das cidades polas que os peregrinos pasaron.

A enumeración dos rituais, os libros de peregrino, os recordos da viaxe, a indumentaria e os símbolos da peregrinación, así como un apartado dedicado a santos peregrinos, completan a visión deste apartado.

5.- Iconografía xacobeá. A imaxe de Santiago na historia.

A representación de Santiago adopta múltiples formas que se foron adecuando co paso do tempo, introducindo distintas concepcións impostas pola moda de cada momento. Maioritariamente aparece como figura de devoción pero tamén se representan pasaxes da súa real e/ou suposta

vida. Santiago une á condición de apóstolo e mártir, a de peregrino, asimilando os atributos daqueles fieis camiñantes que visitan a súa tumba en Galicia, coa vestimenta adecuada, co bordón, a escarcela, a cabaza, etc., así como o signo máis representativo de Santiago: a *vieira*. O seu papel de cabaleiro, coa versión máis coñecida en que aparece como defensor dos exércitos cristiáns contra dos musulmáns, xeraría unha prolífica produción artística na que Santiago, sobre un cabalo branco, mantén a espada en riste contra os infieis que, representados maioritariamente como mouros tocados cos seus raciais turbantes, se sitúan caídos aos pés do "*brioso corcel*". Este último aspecto do Santiago guerreiro é o que se traslada a América coa conquista e colonización, como unha continuación da Reconquista dos territorios peninsulares aos musulmáns e producirá unha rica iconografía alusiva á figura impetuosa atribuída ao Apóstolo e ao cabalo.

7.- Gremios e tradicións artesás en Compostela.

De entre os múltiples gremios que se formaron en Compostela e as tradicións artesás que se desenvolveron, trátanse na exposición os representados polos acibecheiros e polos prateiros.

O traballo do acibeche está en íntima relación coa igrexa compostelá e o seu despegue prodúcese á sombra do antigo gremio dos "cuncheiros" que tiñan en exclusiva a comercialización das cunchas de *vieira*, símbolo da peregrinación xacobeá. O gremio dos acibecheiros posúe as primeiras ordenanzas en 1443, anque a súa actividade parece remontarse, como mínimo ao s. XIII. No s. XV, e baixo a protección de San Sebastián, constitúese nunha das confrarías máis importantes da urbe compostelá. A confección e a comercialización do acibeche lévase baixo o estricto control da igrexa metropolitana. Os artesáns sitúanse nas inmediacións da fachada setentrional da basílica compostelá, a que hoxe leva o nome de Acibechería.

No que respecta á pratería cabe citar que no ano 1070 se funda en Santiago un colexio de prateiros, pero a confraría que os agruparía non chegaría a crearse ata o s. XVI, se ben a actividade se regulaba mediante unhas ordenanzas de 1431 que seguirían vixentes ata finais do s. XVIII. Coa forza que toma a vida monástica e coa puxanza que teñen as peregrinacións, a partir do s. XI incrementase a demanda de obxectos suntuarios relacionados co culto. Os obradoiros de ourives e prateiros vanse situando ao lado da catedral pola portada meridional que hoxe leva o nome de

Praterías. O Camiño de Santiago serviría de vía de permuta de ideas, proxectos e pezas en ambos os dous sentidos e tamén de profesionais ourives que chegan para se instalaren na cidade apostólica ou viceversa.

8.- Gravados composteláns.

Destácase a importancia da produción de estampas tanto como complemento na ilustración de libros como na de obxecto relixioso, piadoso ou devocional. É no s. XVIII cando o gravado compostelán adquire a maior relevancia. Santiago de Compostela convértese no centro máis importante do saber e da cultura; a proliferación do gravado galego fóra desta cidade é máis ben escasa. A Universidade, o Santo Tribunal da Inquisición, o Arcebispado, o Cabido catedralicio... son algunhas das institucións que demandan impresos e fomentan a produción da prensa e, daquela, do gravado.

O repertorio está condicionado en boa medida pola temática eminentemente relixiosa: sumarios de reliquias, "compostelas", estampas devocionais, impresos conmemorativos dos Anos Santos, etc., prevalecen sobre calquera outro tipo de produción civil: temas técnicos, heráldicos, retratística, cartografía, etc., que aparecen representados nun número moito menor.

9.- A harmonía do Universo. A musicalidade do Pórtico.

A harmonía do universo, reflectida no Pórtico da Gloria da catedral compostelá, serve para construír o discurso da última unidade temática do museo. Móstrase ao público o resultado das primeiras experiencias levadas a cabo nos anos 80 sobre a reprodución en madeira dos instrumentos musicais (organistrum, arpa, salterio, fídulas...) tomando como base os representados no pórtico mateano. Supoñen unha aproximación á importancia que a música, tanto culta como popular, tivo no contexto da peregrinación e no ritual desenvolvido no propio santuario apostólico na Idade Media e Moderna. Consérvanse importantes referencias documentais sobre o tipo de música referida á peregrinación e os rituais desenvolvidos arredor dos peregrinos (*Códex Calixtinus*, *Cantigas de Santa María* de Afonso X, relatos de peregrinos, etc.). A tradición popular constitúe unha fonte inesgotable na elaboración e transmisión de composicións musicais relativas a temas xacobeos ao longo de todos os tempos.

3.- O PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS TEMPORAIS E ITINERANTES.

Incrementar o grao de relación entre o museo e o público en xeral era un dos obxectivos estratéxicos definidos para mellorar o aproveitamento da oferta cultural. Nese sentido foi preciso, nos anos seguintes á apertura definitiva, deseñar planos, programas e proxectos concretos de actuación. Soamente así se conseguiría a normalización da actividade do museo cara ao exterior. Como iniciativa prioritaria, considerouse necesario desenvolver diversas actividades coas que difundir o propio museo á cidadanía e chegar co seu contido temático a todos os públicos.

A difusión programouse dun xeito progresivo e selectivo, dirixíndoa primeiro ao público máis próximo, ao veciño da propia cidade, e posteriormente ao visitante e ás institucións estranxeiras mediante un sistema expansivo de comunicación, acorde coas escasas dispoñibilidades coas que contaba o museo. Cumpría igualmente intentar que o público que acudía unha vez ao museo tivese algún incentivo para repetir de novo a visita, do contrario, todo o esforzo realizado de pouco ía servir.

Entre as distintas estratexias plantexadas deseñouse un programa de exposicións temporais que se poría en marcha en 1999, primeiro Ano Santo no que o Museo das Peregrinacións estaba aberto ao público permanentemente¹⁴. O museo tiñase que sumar, cunha programación propia, á oferta cultural que se preparaba na cidade e no resto de Galicia para a celebración do "Xacobeo 99". O contido temático do museo e o espazo museolóxico que ocupaba, ou mellor dito, que debería ocupar na cidade, así o estaban pedindo¹⁵. Sen dúbida era unha oportunidade que non se

14.- Non se pode esquecer que aínda que Santiago de Compostela dispón dunha oferta turística máis diversificada cá que ofrece a maioría dos centros de peregrinación nos que o produto ofertado acostuma a restrinxirse en boa medida ao ámbito estritamente relixioso, do que non hai dúbida ningunha é de que a celebración dos Anos Santos vai acompañada, cada vez máis, dun amplo e variado programa de actividades de tipo cultural, lúdico, festivo, deportivo, etc., que serven de atractivo e reclamo a moitos turistas e visitantes.

15.- Sobre o deseño e desenvolvemento da programación expositiva do Museo das Peregrinacións pode consultarse preferentemente: PÉREZ OUTEIRIÑO, B. e PESQUERA VAQUERO, M.I., "El programa expositivo de un museo local de proyección internacional. El caso del Museo de Peregrinaciones", *Museo*, nº. 8 (Actas de las VI Jornadas de Museología, Teruel, 2002), Madrid, 2003, 113-133. Tamén se pode consultar: PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Cristina García Roderó e a fotografía" in GARCÍA RODERO, C., *Grabarka. O Monte das 6.000 cruces. Fotografías de Cristina García Roderó*, Santiago de Compostela, 2000, pp. 15-18 (en castelán pp. 19-22, en inglés pp. 126-129). Idem, "Lalibela, a Xerusalén da África Negra. Un antigo centro de peregrinación copto nos albores do século XXI", in MOLERES, F., *Peregrinación á Xerusalén negra. Fotografías de Fernando Molerés*, Santiago de Compostela, 2002, pp. 15-20 (en castelán pp. 21-26). Idem, "De Boanerges a Ogou Féray. O Santiago guerreiro en Haití a través das fotografías de Cristina García Roderó", in GARCÍA RODERO, C., *A peregrinación de Santiago en Haití*, Santiago de Compostela, 2004, pp. 13-20 (en castelán pp. 35-42, en francés pp. 57-64).

podía desprezar. Xa pasaran moitas celebracións do Ano Santo desde a creación do centro e os beneficios obtidos polo museo foran máis ben escasos¹⁶.

Deséñase pois un programa co obxectivo de ser o comezo dunha ampliación da posibilidade de chegar o museo á sociedade e que non debería limitarse exclusivamente á celebración do "Xacobeo 99", senón que debería proseguir unha vez pasadas as celebracións dese Ano Santo. O programa esbozouse tendo en conta determinadas premisas tales como:

- Ofrecer unha liña expositiva de temática innovadora e atractiva para os cidadáns máis próximos e para os vidos de fóra.
- Proporcionar unha temática complementaria da contemplada no discurso expositivo do museo.
- Ofrecer un tratamento da temática seleccionada desde unha óptica novedosa e con técnicas actuais.
- Primar a calidade e o coidado de todas as mostras do programa, paliando a escaseza de recursos cos que se contaba neses momentos iniciais.
- Sería necesario investir grandes doses de imaxinación, creatividade, entusiasmo e unha habilidosa xestión dos escasos recursos para obter resultados eficaces cun alto grao de eficiencia.
- A calidade, a imaxinación e a creatividade deberían reflectirse nas obras expostas, na montaxe e nos elementos de difusión.
- O que se iniciase agora ía deseñar a imaxe do museo por algún tempo. Debería ser nova, innovadora, contemporánea, próxima e atractiva ao público.
- O produto resultante debería ser tamén atractivo para a administración xestora do centro que sería, en definitiva, a que costease os proxectos.

O resultado foi a posta en marcha do programa expositivo denominado "Peregrinacións no mundo", que respondería a dúas características fundamentais. En canto ao contido, trataríase de mostrar aspectos de

16.- Concretamente, desde a creación do Museo das Peregrinacións en 1951, celebráranse os Anos Santos seguintes: 1954, 1965, 1971, 1976, 1982 e 1993. Soamente en 1965 (coa denominada exposición inaugural do museo) e en 1976 (cunha exposición que pretendía ser un adianto da exposición permanente) se vinculou claramente o Museo das Peregrinacións ás programacións culturais do Ano Santo. En todas as demais ocasións o museo pasou desapercibido ou serviu de subministrador de fondos para a organización de exposicións fóra do centro. A partir de 1999 as cousas deberían funcionar doutro xeito bastante distinto, ou polo menos iso parecía outearse.

manifestacións peregrinatorias, distintas da xacobeia. En segundo lugar, elixiríase a fotografía -pero sempre saída do obxectivo dun fotógrafo profesional de recoñecido prestixio nacional ou internacional-, como soporte de comunicación.

Dous obxectivos claros se perseguían con este programa. Por un lado, contextualizar a peregrinación xacobeia, tratada no discurso expositivo do museo e obxecto de numerosas mostras temporais a celebrar ao longo dos Anos Santos sobre todo na propia cidade de Santiago e ás veces con medios desproporcionados. A universalidade do fenómeno da peregrinación era unha visión da que carecía a maior parte do público visitante do museo, cando en realidade se trata dunha manifestación de ámbito case universal, no tempo e no espazo. Non en balde a maior parte das culturas consideran o paso do home pola terra coma unha viaxe peregrinatoria para chegar a unha meta mellor. A peregrinación, pois, non deixa de ser a metáfora da vida do home na terra.

Por outra banda, estíbese a propiciar un achegamento intercultural que suporía unha mellor lectura dos valores culturais propios e alleos baseada no coñecemento e non no tópico e no apriorismo. Nestes tempos de reaccións xenófobas e racistas, o coñecemento mutuo é imprescindible para potenciar valores como o respecto e a tolerancia, imprescindibles para a boa convivencia social. O museo debe ser un axente que contribúa activamente nestas tarefas e non debe limitarse a ser un mero e inanimado espectador.

Dentro do programa "Peregrinacións no mundo" pódense citar as seguintes exposicións:

- "Ajmer. Peregrinos do sufismo", de Nacho Castellano¹⁷.
- "O Camiño de Kumano. A natureza divinizada", do Departamento Governamental de Wakayama (Xapón).
- "Kumba Mela. Pasos cara a inmortalidade", de Simón Lev.
- "Peregrinacións no mundo xudeu", de Mucha Bar-Am, Shlomo Taitz, Jonathan Torgovnik, Alex Levac e Kobi Kalmanovitch.
- "Arunachala Pradakshina", de Ditmar Bollaert¹⁸.

17.- CASTELLANO, N., *Ajmer: peregrinos del sufismo*. (Cat. exposición), Sevilla, 1998. (Ed. en castelán e inglés).

18.- BOLLAERT, D., *Arunachala Pradakshina*. (Cat. exposición), Bruxelas, 2000. (Ed. en tamil, inglés, francés, alemán, castelán e galego).

- "Grabarka. O Monte das 6.000 cruces. Unha peregrinación ortodoxa en Polonia", de Cristina García Rodero¹⁹.
- "Viaxe ao país das almas", de Jordi Esteva²⁰.
- "Peregrinación á Xerusalén Negra", de Fernando Moleres²¹.
- "Lugares e vías de Peregrinación. Sacromontes piemonteses e lombardos", da Regione Piemonte²².
- "A peregrinación de Santiago en Haití", de Cristina García Rodero²³.
- "A onde os deuses viaxan. Unha peregrinación ao Qoyllur Rit'i en Perú", de Christoph Lingg²⁴.

O programa "Peregrinacións no mundo" foise redefinindo e adaptando ás posibilidades e necesidades do museo por mor da observación e avaliación do resultado das exposicións realizadas ao longo do primeiro ano, pero sen desviarse, eso si, dos obxectivos básicos que o motivaran. Nese primeiro ano de posta en funcionamento leváronse a cabo catro exposicións que permaneceron abertas ao público en torno a un mes cada unha, deseñáronse e distribuíronse carteis e completouse a información coa edición de trípticos en varios idiomas. Como aspecto negativo, e a consecuencia da escaseza de recursos económicos, non foi posible a elaboración dun catálogo que completase a visión que se quería ofrecer en cada unha das mostras, a excepción das realizadas en colaboración con outras institucións e que contaban xa co seu catálogo. A experiencia foi indicando a conveniencia de introducir certas modificacións no desenvolvemento do programa. Nese sentido, e posto que se trataba na súa maioría de proxectos de produción propia nos que o Museo das Peregrinacións investira bastante tempo e adicación, parecía conveniente prolongar o tempo de exhibición das mostras durante un período máis longo para rendabilizar mellor os recursos.

19.- GARCÍA RODERO, C., *Grabarka, o Monte das 6000 cruces: unha peregrinación ortodoxa en Polonia*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2000. (Ed. en galego e castelán e tradución ao inglés).

20.- ESTEVA, J., *Viaje al país de las almas*. (Cat. exposición), Granada, 1999.

21.- MOLERES, F., *Peregrinación á Xerusalén Negra*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2002. (Ed. en galego e castelán).

22.- FONTANA, F. - LODARI, R. - SORRENTI, P., *I Sacri Monti del Piemonte e della Lombardia: Luoghi e vie di pellegrinaggio*. (Cat. exposición), Monferrato, 2004. (Ed. en italiano e castelán).

23.- GARCÍA RODERO, C., *A peregrinación de Santiago en Haití*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2004. (Ed. en galego, castelán e francés).

24.- LINGG, C. - SCHABER, S., *A onde os deuses viaxan: unha peregrinación ao Qoyllur Rit'i en Perú*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2005. (Ed. en galego, castelán e alemán).

Do mesmo xeito, a investigación realizada e as colaboracións recibidas no proceso de preparación da mostra expositiva, suporían un interesante material que, tratado e sistematizado, poderíase converter no apoio documental imprescindible para dar forma e consistencia ao catálogo da propia exposición, e ao resto do material informativo e didáctico da mostra que xa se viña preparando desde o primeiro momento. Faltaban só os recursos económicos. Pero a boa marcha do programa expositivo posibilitou o financiamento para posteriores anualidades. A realización dun catálogo con cada proxecto expositivo deveu en algo normal que ademais conlevaba un dobre beneficio pois, se por unha banda contribuíu a un mellor achegamento do público ao contido da exposición -que non remataba coa clausura, senón que quedaba recollida nun catálogo susceptible de ser consultado en calquera momento-, proporcionaba tamén por outro lado a oportunidade única de incrementar os escasos fondos da biblioteca especializada do centro ao facilitar o establecemento dunha liña de permuta de publicacións con outras institucións, suplindo deste xeito a carencia de dotación económica para adquisición de fondos bibliográficos.

Por último, e tendo en conta que a experiencia fora moi positiva, parecía conveniente diversificar a oferta expositiva e non restrinxir exclusivamente os proxectos aos condicionantes impostos polo programa "Peregrinacións no Mundo". A tal efecto deseñáronse novas liñas, acordes sempre co contido temático do museo.

A partir do ano 2001 iniciárase un segundo programa que se comezou a denominar "As outras peregrinacións". Englobaría proxectos expositivos e outras actividades relacionadas co "impulso peregrinatorio", *sensu lato*, á marxe da óptica puramente relixiosa que sempre está presente na peregrinación. Terían cabida neste programa principalmente aqueles proxectos expositivos enmarcados dentro das concepcións da arte contemporánea en calquera dos soportes e forma de expresión utilizados polos artistas actuais. Con esa cobertura presentouse o proxecto "*Pilgrimage to Santiago*", deseñado especificamente para o Museo das Peregrinacións polo prestixioso artista chinés residente en Nova York, Zhang Huan²⁵. O proxecto non acadou o éxito merecido entre os responsables políticos do museo nin entre a autoridade eclesiástica compostelá, pero si entre a crítica, o que propiciou que o proxecto figurase entre as candida-

25.- Cfr. ZHANG H., *Pilgrimage to Santiago*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2001. (Ed. en galego-castelán, e ed. en inglés).

tas á mellor exposición española do ano 2001 na selección que realiza unha prestixiosa publicación especializada a nivel do Estado español.

Deseñouse un terceiro programa que incluíría proxectos cun alto carácter investigador que tivesen como obxectivo afondar en aspectos científicos do contido temático do propio museo, do Camiño de Santiago ou doutros temas relacionados co fenómeno peregrinatorio desde un punto de vista histórico. Serían exposicións temporais complementarias do discurso expositivo. Cabería destacar aquí, entre outras, a exposición dedicada á celebración do 50 aniversario do museo: "*Un Museo en Crecreemento*"²⁶, ou a dedicada á figura da monxa Exeria que peregrina desde a Gallaecia ata Terra Santa a finais do s. IV²⁷.

Por fin, un cuarto programa que acollese expresións artísticas ou de calquera outra natureza que revaloricen o coñecemento histórico da cidade de Santiago de Compostela, do patrimonio cultural de Galicia nos seus máis diversos aspectos e tamén de valores culturais relacionados, dunha ou doutra forma, coa peregrinación. Dentro deste programa poden citarse algunhas exposicións tales como: "*1935-1936. Compostela. Berros, oficios, servicios, cerimonias e sucedidos*" presentando un conxunto de debuxos inéditos de temática compostelá realizados por Francisco Vázquez Díaz antes da guerra civil española²⁸, ou a exposición resultante do concurso "*Deseño e encadernación para o libro dun peregrino*"²⁹.

No ano 2004 iníciase unha liña transversal coa que se intenta dar unha oportunidade aos novos artistas, facilitando así a entrada nos circuitos expositivos. Deste xeito, e respectando sempre unha temática relacionada coa peregrinación e coa cidade de Santiago de Compostela, potenciárase a difusión de novos valores. Posibilitouse a execución de proxectos fotográficos tales como: "*Na chegada: emocións e rostros peregrinos*"³⁰ de Jacobo Remuñán, "*De oca a oca... polo Camiño de Santiago*"³¹ de Luisa

26.- VV.AA., *Un Museo en crecemento...*, op. cit.

27.- NOVOA, F. (coord.), *De Fisterra a Xerusalén: Exeria e os primeiros peregrinos cristiáns*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2003. (Tamén ed. en castelán).

28.- VÁZQUEZ DÍAZ, F., *1935-1936. Compostela. Berros, oficios, servicios, cerimonias e sucedidos*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2002. Carpeta anexa con 26 debuxos. (Ed. galego e castelán).

29.- VV.AA. *Diseño y encuadernación para el libro de un peregrino*. (Cat. exposición), Madrid, 2005.

30.- REMUÑÁN, J., *Na chegada: emocións e rostros peregrinos*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2004. (Ed. en galego e castelán), Madrid, 2005.

31.- RUBINES, L., *De oca a oca... polo Camiño de Santiago*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2004. (Ed. en galego e castelán).

Rubines, ou "*Manteniendo vivas as frechas amarelas*"³² de Eduardo Almajano, todos eles autores noveis.

Ao mesmo tempo púxose en marcha a itinerancia de exposicións producidas polo Museo das Peregrinacións, adquirindo, a tal efecto, a obra de diversos fotógrafos para poder exhibila en determinados circuitos e dar así cobertura a unha frecuente demanda de institucións e organismos nacionais e internacionais que solicitan ao museo a súa colaboración. Isto posibilitou a presentación de varias mostras no resto de Galicia, en España e no estranxeiro, e favoreceu o nacemento e reforzamento de vínculos institucionais con outros centros³³.

4.- PROPOSTAS PARA O FUTURO

O Museo das Peregrinacións durante os últimos anos de existencia desenvolveu unha intensa actividade e experimentou cambios moi importantes, tanto nunha orde interna coma tamén cara ao exterior.

De ser, en 1996 (ano da apertura), un museo descoñecido para a gran maioría dos cidadáns e cunha case nula actividade difusora, pasou a se converter nunha institución coñecida e caracterizada polo seu dinamismo. Actualmente é un dos pequenos museos máis activos que proporciona unha oferta cultural que interesa a moitas persoas, colectivos e institucións científicas.

O número de visitantes que recibe, a pesar das modestas instalacións, o número e o nivel de intercambios institucionais de natureza cultural que mantén, tanto en España coma, e dun xeito moi importante, no estranxeiro, son proba dunha actividade que é o resultado da posta en marcha dunhas estratexias de actuación coas que se pretendía ampliar a oferta que o centro podía proporcionar ou, simplemente, que o museo puidese chegar

32.- ALMAJANO, E., *Mantendo vivas as frechas amarelas*. (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2004. (Ed. en galego e castelán). Esta exposición inaugurouse en Beasain (Guipúscoa) e non pasou aínda polas salas do Museo das Peregrinacións.

33.- Ata o momento o Museo das Peregrinacións mostrou as súas producións expositivas nas seguintes cidades: 3 exposicións en Ribadavia, e unha en cada unha das seguintes localidades: Beasain (Guipúscoa), Granada, Oropa (Piemonte), Varese e Ossuccio (Lombardía), e son bastantes as solicitudes de préstamo de exposicións que se reciben ao longo do ano, intentando satisfacer o maior número delas tendo sempre en conta as condicións de seguridade e medioambientais dos lugares propostos para a súa su exhibición e os recursos dispoñibles.

a cumprir coa misión encomendada³⁴. A propaganda e a publicidade substituíronse pola difusión e a presentación no mercado dun produto cultural que interesou á cidadanía.

De contar cunhas coleccións que escasamente servían para entretecer unha historia sobre a peregrinación e sobre a meta do Camiño de Santiago, conseguíuse, dunha maneira coherente e metódica, incrementar substancialmente os seus fondos, sempre en relación co específico contido temático, mediante unha modesta pero sistemática política de adquisicións a cargo da Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo xerouse un clima de confianza que favoreceu un aumento no número de depósitos e doazóns de parte de persoas que confían no Museo das Peregrinacións para custodiar, estudar e exhibir bens culturais da súa propiedade³⁵.

O número de actividades de difusión, especialmente exposicións temporais e itinerantes, sempre relacionadas coa temática do centro e na súa case totalidade de produción propia, xuntamente cun importante número de publicacións realizadas sobre o contido do museo e o seu ámbito de estudo, contribuíu a consolidar o Museo das Peregrinacións como unha institución altamente útil e que posibilita a agrandar e diversificar a oferta cultural dun destino turístico importante como é a cidade de Santiago de Compostela.

Non obstante, os cambios experimentados nesta última década e que deron vida a unha institución que moitos consideraban irrecuperable despois de ter permanecido durante tantos anos nun estado vexetativo, deben ir acompañados doutras modificacións para que garantan a súa continuidade no futuro e a completa normalización do centro museístico. Xa se levan queimado unhas etapas importantes e situouse Museo das Peregrinacións nun lugar bastante máis elevado có que tiña no momento da apertura ao público. Pero a cidade de Santiago de Compostela, o fenómeno das peregrinacións e o Camiño de Santiago necesitan, sen dúbida ningunha, un centro museístico que estea á altura das expectativas da cidadanía,

34.- Sobre o número de visitantes do Museo das Peregrinacións pódese consultar información en PÉREZ OUTEIRIÑO, B. e PESQUERA VAQUERO, I., "¿Por qué esta exposición? Razóns para unha exposición necesaria", in VV.AA., *Un Museo en crecemento...*, op. cit., pp. 53-63, cfr. gráfico p. 61. E incluíndo xa os datos ata o ano 2004 pódese consultar: GIGIREY LISTE, E., "Estudios de público en el Museo das Peregrinacións", in *Actas do VIII Coloquio Galego de Museos*, (Ponteareas, 2004), (no prelo).

35.- Sobre o incremento de fondos cfr. p.e. PÉREZ OUTEIRIÑO, B. e PESQUERA VAQUERO, I., "¿Por qué...", op. cit. PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Notas históricas...", op. cit., espec. pp. 42-46. PESQUERA VAQUERO, I., "Das formas polas que os bens culturais ingresan nos museos", in VV.AA., *Un Museo en crecemento...*, op. cit., pp. 65-77.

e non un museo que siga tendo o seu maior potencial, logo de tantos anos, no voluntarismo e nas ganas de facer as cousas o mellor posible.

Por tal motivo, o plano de futuro do Museo das Peregrinacións céntrase agora en tres propostas relacionadas entre si e dependentes a unha da outra, e que se poden sistematizar do seguinte xeito.

1.- Solucionar o grave problema da falta de espazo.

O edificio que alberga o Museo das Peregrinacións consta dunha parte monumental pertencente a unha casa-torre de mediados do s. XIV, ampliada e modificada en sucesivas ocasións. A superficie útil do inmovible ronda os 1.600 m². Almacéns, oficinas, despachos, biblioteca, accesos, etc., ocupan a maior parte do inmovible, deixando escasos 500 m² para a área expositiva, que é o espazo no que se establece, principalmente, o diálogo entre o museo e o cidadán, onde se plasma, de maneira didáctica, o resultado da maior parte da actividade museística.

As deficiencias das instalacións e o complexo da estrutura arquitectónica non facilitan en absoluto o acceso nin a circulación interior. A falta de espazo para albergar instalacións e dependencias imprescindibles para unha institución museística, dificultan gravemente a realización das funcións de conservación e exhibición dos fondos, e non facilita a oferta cultural que o museo pode ofrecer ao visitante e en xeral ao usuario dos seus servizos. É necesario facer esforzos complementarios para garantir unha adecuada conservación dos fondos museográficos e documentais custodiados.

Desde os anos 70 do pasado século se vén insistido na necesidade de contar cun novo edificio ou con algún inmovible complementario. Os incrementos de persoal, de fondos museográficos e documentais, de fondos bibliográficos, etc., experimentados ao longo dos últimos anos, colapsaron practicamente a institución. De feito o almacén principal tivo que ser trasladado fóra do edificio e mesmo se tivo que restrinxir a superficie da exposición permanente, pero segue sen aliviarse o colapso a que se chegou nas vellas instalacións do museo³⁶.

36.- Ás propostas de instalar o Museo das Peregrinacións en parte do Convento de San Domingos de Bonaval, ou de adquirir parte dun local no edificio colindante (Rúa de San Miguel, 5), baralladas en décadas precedentes, cando o museo aínda permanecía pechado ao público e con escaso persoal e fondos, engadíronse outras ofertas nestes últimos anos tales como: o inmovible deixado libre pola Delegación Provincial de Facenda (Rúa do Vilar, 7), a antiga Casa Reitoral de San Miguel dos Agros, lindante co museo (Algalia de Arriba, 29), o inmovible tamén lindante co museo polo lado de poñente (Praza de San Miguel, 9), ou o edificio do Banco de España (Praza de Praterías, 2), emprazado nun lugar estratéxico da trama urbana, a escasos metros da catedral, e cuxa cesión reclama para si o Concello compostelán para a súa terceira experimentación de creación dun museo da cidade.

No deseño dun novo centro para un futuro próximo cabe a posibilidade de que se pense na conveniencia dun "museo plurinuclear" dotado de varios inmobles que alberguen distintas dependencias da propia institución. Parece ser esta unha boa posibilidade para que o Museo das Peregrinacións siga permanecendo no interior do conxunto histórico compostelán, o que lle confire un importante valor engadido á institución debido tamén ao seu contido temático en íntima relación coa vida da cidade.

Por outro lado, non se pode perder de vista a posibilidade de integración no propio museo doutros centros de interese xacobeo existentes ou futuros e que completarían a visión territorial do fenómeno da peregrinación. Podería tratarse de museos anexos, de filiais ou de centros de interpretación que poderían estar situados en Iria Flavia (adicado ao fenómeno da cristianización do noroeste peninsular), Castro Lupario (dedicado á arqueoloxía da *translatio*), Pico Sagro (dedicado ás tradicións xacobeas), etc. Suporía unha atractiva experiencia do denominado "museo descentralizado" cunha rede de pequenos centros museísticos dependentes e coordinados, repartidos en puntos estratéxicos do territorio. Este modelo de implantación de museo facilitaría a protección e a conservación global do patrimonio cultural no entorno de influencia, eliminaría as reticencias da centralización tan criticadas desde determinadas ópticas localistas, e sobre todo contribuiría a achegar á sociedade o contido do museo contribuíndo a unha promoción cultural e incluso económica da zona. Desde o punto de vista financeiro podería supoñer tamén un importante beneficio posibilitando un aproveitamento dos recursos máis racional ao poder compartir determinados servizos, espazos, medios técnicos e incluso humanos e contar co patrocinio doutros axentes sociais.

2.- Redefinición do papel do museo.

O papel que debe desempeñar o Museo das Peregrinacións na cidade de Santiago de Compostela, en Galicia, en España e no contexto xacobeo universal debe estudarse e valorarse convenientemente.

Trátase do único museo adicado monograficamente ao fenómeno da peregrinación, e desde ese punto de vista, débese converter nunha institución que sexa tida en conta nas programacións xacobeas que realicen as distintas administracións públicas que, polo xeral, se limitan case exclusivamente a considerar o museo como un almacén de préstamo de fondos para os eventos xacobeos.

O museo debe chegar a ser un centro de referencia que poida dar solucións técnicas e científicas ás distintas propostas culturais que se presenten nas programacións ordinarias e extraordinarias de temática xacobeas e sempre sen perder de vista que se trata dunha institución permanente que debe desenvolver unha actividade propia á marxe dos fastos e conmemoracións civís e relixiosas propias das celebracións dos Anos Santos. Pero o museo debe ser tamén unha institución con suficiente capacidade para poder programar e desenvolver proxectos propios de gran calado no ámbito do seu contido temático.

Por outra parte, a función que o Museo das Peregrinacións desenvolve na interpretación do nacemento e evolución da cidade de Santiago de Compostela como meta da peregrinación xacobeas, debe ir máis aló de ser exclusivamente un centro receptor do material arqueolóxico recuperado nos controis, sondaxes ou escavacións en área levados a cabo na cidade. A documentación dos restos, o estudo e interpretación da información facilita un coñecemento que o museo pode poñer a disposición dos investigadores e debe servir para asesorar ás institucións públicas con competencias en materia de urbanismo e patrimonio cultural para unha mellor xestión e un mellor aproveitamento dos recursos históricos que posúe Compostela.

Non menos importante resulta o feito da indefinición do ámbito territorial desta institución. Se isto parece ser un feito menor, pode provocar (e mesmo o está a provocar) situacións de indefinición á hora de proceder ao depósito de determinados bens de natureza arqueolóxica relacionados co fenómeno da peregrinación. Se o único criterio da administración consiste en aplicar un parámetro territorial de proximidade (local, comarcal, provincial...), aos museos temáticos, como é o caso do Museo das Peregrinacións, poderíase estar negando a posibilidade de ser receptores de fondos arqueolóxicos vinculados directamente co seu propio contido temático. Se ben a proximidade ao lugar do achado pode ser una circunstancia a valorar á hora de decidir os depósitos de obxectos produto da actividade arqueolóxica, o aproveitamento social e cultural, e o encadre no contido temático específico do centro museístico debe ser igualmente tido en conta e valorado, non quedando a discreción da subxectividade. Debe tamén primar a titularidade pública dun museo á hora de albergar as coleccións cuxa tutela corresponde á administración pública.

3.- Conformación dunha nova institución. O Museo e Centro de Investigación e Documentación de Santiago e das Peregrinacións

A misión dun museo non é a de almacenar nin a de restaurar os fondos que alberga. A misión dunha institución museística consiste en difundir coñecemento. O obxecto deixa de ser o obxectivo dun museo. O cidadán é o verdadeiro obxectivo da actividade do museo.

Neste sentido, a maneira máis coherente de transmitir coñecemento é contribuíndo a xeralo no mesmo lugar. Para iso debe contar cos medios e coa infraestrutura necesaria. O museo non debe converterse nunha institución dependente exclusivamente de axentes externos para cumprir o seu cometido. Debe asimilar, iso si, todos os avances científicos producidos no seu contido temático ou no seu ámbito territorial, pero debe igualmente ser un ente activo na investigación da súa propia temática e facilitar aos investigadores todos aqueles recursos que poidan ser de utilidade nos seus traballos, incentivando na medida do posible a investigación aplicada ao propio museo.

Por tal motivo, e dada a importancia do contido temático do Museo das Peregrinacións, parece imprescindible, para mellorar na constitución dunha institución cultural competitiva e de calidade, proceder a integrar o museo nun novo centro no que se potencie o papel da investigación. Así, desde a dirección do museo vimos proponendo a redefinición do centro ou a creación dunha nova institución que podería denominarse "*Museo e Centro de Documentación e Investigación de Santiago e das Peregrinacións*".

Neste sentido, entendemos que correspondería ao Museo e Centro de Investigación e Documentación de Santiago e das Peregrinacións a protección, conservación, investigación e difusión dos bens materiais e inmateriais integrantes do patrimonio cultural relacionados co fenómeno universal da peregrinación, coa peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago en particular, e co nacemento e a evolución da cidade de Santiago de Compostela como meña de peregrinación.

As tarefas que desempeñaría serían:

a) Mostrar desde unha perspectiva histórica e cultural o fenómeno da peregrinación en canto manifestación universal.

b) Mostrar en todas as súas dimensións a peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago.

c) Mostrar desde una óptica científica o nacemento e evolución da cidade de Santiago de Compostela.

d) Reunir as mostras materiais e elementos informativos relacionados co contido temático encomendado.

e) Potenciar a investigación no ámbito da peregrinación en xeral, da peregrinación xacobeá e do Camiño de Santiago en particular así como do nacemento e evolución da cidade de Santiago de Compostela, converténdose nun centro de referencia nacional e internacional.

Pensamos que soamente deste xeito se definiría o futuro dunha institución que ten na súa potencialidade a maior das riquezas que pode ter un museo. Santiago de Compostela e a peregrinación como fenómeno cultural atraen cada día o interese de maior número de persoas de todo o mundo.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.

- P(aloma) A(cuña) F(ernández), sub voce "Museo de las Peregrinaciones", in *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada (ed.), tomo XXII, s/d., p. 76.
- CHAMOSO LAMAS, M., *Museo das Peregrinacións. Exposición Inaugural. Imaginería Jacobea, Orfebrería y otras artes relacionadas con el culto a Santiago en Galicia*, A Coruña, 1965.
- CHAMOSO LAMAS, M., "El Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela", *Bellas Artes*, nº 54, 1976, pp. 19-23.
- DÍAZ FERNÁNDEZ, C., "¿Conservade como poidades: restaurade cando...! Retos e logros no Museo das Peregrinacións", in *Actas do VI Coloquio Galego de Museos* (A Coruña, 2000), A Coruña, 2001, pp. 279-303.
- GIGIREY LISTE, E., "Estudios de público en el Museo das Peregrinacións", in *Actas do VIII Coloquio Galego de Museos*, (Ponteareas, 2004), (no prelo).
- GRAU LOBO, L., "Museos en el Camiño: Viaje imaginario a propósito del jubileo compostelán", in *Museos.es*, nº 0, 2004, pp. 178-191.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Notas históricas sobre o Museo das Peregrinacións" in VV.AA., *Un Museo en crecemento: Museo das Peregrinacións: adquisicións 1996-2001: (exposición conmemorativa do 50 aniversario da creación do Museo)*, (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2001, pp. 15-51.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Santiago, apóstol y ciudad, esencia del discurso del Museo de las Peregrinaciones, Santiago de Compostela", in KMIECI_SKI, J. etc. (edits.), *Trade Routes and Pilgrimage Trails as a Factor of Integration. Sanctuaries and Cult*, (Actas do Congreso) _ód_ 1999, _ód_, 2004, pp. 239-252.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B., "Museo das Peregrinacións", in PULGAR SABÍN, C. del (ed.), *Arte e Cultura de Galicia e Norte de Portugal*. Museos IV, Vigo (Nova Galicia), 2005, pp. 11-28.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. e PESQUERA VAQUERO, M.I., "El programa expositivo de un museo local de proyección internacional. El caso del Museo de Peregrinaciones", *Museo*, nº. 8 (*Actas de las VI Jornadas de Museología*, Teruel, 2002), Madrid, 2003, 113-133.
- RODRÍGUEZ, M.F., *Os Anos Santos Composteláns do século XX. Unha mirada desde os xornais santiagueses*, Lugo, 2001.

- SIERRA RODRÍGUEZ, J.C., "Sistemas y redes museísticas. El caso de Santiago de Compostela", *Boletín de la ANABAD*, vol. XL, nº. 4, 1990, pp. 129-140.
- VV.AA., *Museo das Peregrinacións. Santiago de Compostela*, (Guía do museo), Santiago de Compostela, 1997.
- VV.AA., *Un Museo en crecemento: Museo das Peregrinacións: adquisicións 1996-2001: (exposición conmemorativa do 50 aniversario da creación do Museo)*, (Cat. exposición), Santiago de Compostela, 2001.